

## ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 24 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día vinte e catro (24) de Novembro do ano dous mil dezaseis (2016), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández, (PSdeG-PSOE)

#### CONCELLEIROS:

D<sup>a</sup>. Ana Luisa González Costa, (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maril Pardo, (PP)

D<sup>a</sup>. Natalia Iglesias Mendez, (PP)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Folla González, (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE).

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

### 1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 29-09-2016).

Queda aprobada.

----- ... -----

2º.- Dar conta da solicitude de nomeamento como concelleiro de **BENITO SAAVEDRA VAZQUEZ** (nº 12 da lista), previa renuncia de M<sup>a</sup> Jose Fernández Rodríguez –concelleira electa- e dos nº 10 e 11 da lista do PSOE, Manuel Rozados Villar e Rosa Losada Alcobre.

Dáse conta.

----- ... -----

**3º.- ADXUDICACION DEFINITIVA, LOGO DO PROCESO DE LICITACION, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS POLO PRAZO DE 4 ANOS.**

**INTERVENCIONS:**

**PP:** Sinala que o Prego debería ser mais ambicioso e non atende suficientemente ao medio rural, debería poñerse algún día mais, polo que anuncia a abstención.

**BNG:** insiste na defensa da viabilidade da municipalización que foi rexeitada polo goberno, lembrando que si unha empresa privada xestiona o servizo ten que ter beneficios, do que se desprende que si se fai público sempre será mellor para a veciñanza; e queda tamén a alternativa de mancomunar coa Vila de Cruces, ou incluso a traveso da Mancomunidade do Deza. Para iso fai falta que un técnico, sen que teña que ser un traballo moi, moi elaborado, faga un estudo para ver as posibilidades cos números diante. Eloxía que se levara esta licitación a que se fixera un informe por técnicos da Deputación, e ese mesmo profesional podería estudar a posibilidade do servizo mancomunado. En canto o compostaxe non hai previsión algunha no Prego, nin recollida porta a porta, nin o Plan "Revitaliza" da Deputación. Tampouco hai criterios medioambientais, soamente economicistas, e estas cousas se non se esixe no Prego as empresas non o van dar.

**Alcalde:** cuestiona que a recollida orgánica no rural necesite mais frecuencia. En todo caso, se houbera que ampliar se faría. En canto a facer un estudo de viabilidade e que sexa mais barato para os veciños a opción de mancomunar o servizo no ve claro. En canto a Vila de Cruces, para que dous se unan fai falta interese mutuo. ¿A Mancomunidade? Se trata dun organismo secuestrado polo PP. Dificilmente vai a prestar este servizo. Incluso hai que plantearse deixar esa institución. O plan Revitaliza da Deputación si nos parece unha boa idea. A municipalización xa dixemos que non, porque cremos que non mellorará o servizo. Estamos diante dun escenario en que non soben as tarifas durante 4 anos. Se prevé un cambio/renovación de contenedores, se amplía o servizo no rural, se comprometen a facer limpeza dos mesmos 24 veces o ano e hai outra mellora na baixada do prezo.

**PP:** Apunta que se deberá controlar o concesionario para que cumpra co prometido. Pregunta sobre a situación do compostaxe e si existe a posibilidade de baixar o recibo e en que consisten os postos.

**Alcalde:** considera un bo plan o do compostaxe, e se están buscando ubicacións. O problema é que non resulta tan sinxelo atopalas. En canto a baixada do recibo, lembra que legalmente se esixe equilibrio entre os ingresos e os gastos, polo que non se poden baixar o recibo alegremente, no lo impón a lei. Agora, se, por exemplo, Sogama reduxera os seus custes, pois cabería esa posibilidade.

**BNG:** reclama que a recollida de envases se faga semanalmente e non cada 15 días. Insiste na defensa dos Proxectos Mancomunados, que se faga un estudo da viabilidade comarcal para este servizo, xa sea con V. Cruces, a traveso da Mancomunidade, ou con A Golada, Rodeiro ou Dozón. Reitera que o Prego non se recolle nada sobre o compostaxe e propón que se convoque una Comisión Informativa ou Xunta Portavoces cun técnico da Deputación para analizar o tema.

**Alcalde:**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación:

“”

**ACTA DA MESA DE DA CONTRATACIÓN, DO 24 DE OUTUBRO DE 2016**

Licitación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos

Na Casa do Concello de Silleda, ás doce horas do día vinte e catro de Outubro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Mesa de Contratación para a apertura de sobre C-Proposta Económica, logo do informe técnico da Deputación que valorou o sobre B (Parte técnica).

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga.

Tamén asisten 2 representantes da empresa URBASER.

**APERTURA SOBRE C E PROPOSTA DE CALIFICACIÓN.**

Dáse lectura previamente o Informe Técnico da Deputación, que se transcribe como Anexo, no que constan as cualificacións, sobre un total de 39 puntos, seguintes:

1. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU.,	30,00
2. URBASER	33,69
3. SOIL RECOVERY SL.	30,62

Da apertura dos sobres C, resultan as ofertas económicas anuais que seguen:

1. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU.,	208.250,00 €
2. URBASER	188.978,90 €
3. SOIL RECOVERY SL.	202.440,00 €

De acordo co Prego, se procede o cómputo, sobre un total de 61 puntos, con este balance final:

EMPRESA	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU.,	30,00	55	85,00
2. URBASER	33,69	61	94,69
3. SOIL RECOVERY SL.	30,62	57	87,62

Visto canto antecede, por asentimento de tódolos presentes, **SE ACORDA:**

UNICO: Proponer ao Pleno da Corporación a adxudicación definitiva do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos a empresa URBASER S.A., CIF nº A.79524054, na súa condición de oferta que acadou a máxima puntuación, pola cantidade anual de CENTO OITENTA E OITO MIL NOVECIENTOS SETENTA E OITO CON NOVENTA EUROS ANUAIS (188.978,90 €), polo periodo de 4 anos, a computar desde o momento da sinatura do contrato.

*E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-25 horas do vinte e catro de Outubro de 2016, do que, eu, o Secretario, dou fe. Silleda 24-10-2016. SECRETARIO. Manuel Quintans Queirug.*

“”

Sometido a votación, por maioría de 6 votos a favor e 5 abstencións, **SE ACORDA:**

- **Efectuar a adxudicación definitiva do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos a empresa URBASER S.A., CIF nº A.79524054, na súa condición de oferta que acadou a máxima puntuación, pola cantidade anual de CENTO OITENTA E OITO MIL NOVECIENTOS SETENTA E OITO CON NOVENTA EUROS ANUAIS (188.978,90 €), polo periodo de 4 anos, coas melloras que constan na súa plica, a computar desde o momento da sinatura**

do contrato, de acordo coa proposta da Mesa de Contratación e a súa valoración.

**VOTACIÓN:** se aproba por maioría de 6 votos a favor (PSOE) e 5 abstencións (PP e BNG).

----- ... -----

**4º.- Aprobación do proxecto construtivo para a edificación de nova planta de Residencia de 3ª Idade, con función de Centro de Día, sobre parcela municipal (Elaborado polo Arquitecto Martín/ David Pereiras Corzón)**

Execución material: 1.213.209,59  
Gastos Xerais/Beneficio: 1.443.719,41  
IVE: 303.181,41  
Total execución por contrata: 1.746.900,49 €

O Alcalde recorda os pasos previos, a convocatoria dun concurso de ideas con participación de todos os técnicos que exercen en Silleda e a selección final da proposta que se presenta. Cede a palabra ó Arquitecto Martín Pereiras Corzón.

**Arquitecto:** explica os detalles técnicos, os espazos verdes, a aposta por unha tipoloxía de planta baixa, con aires galaicos, aberta ao exterior e modular, para posibles ampliacións, respetando estritamente a normativa e as esixencias de todo tipo para estas Residencias.

Finaliza contestando preguntas e aclaracións pedidas polos voceiros do PP e BNG.

**VOTACIÓN:** Visto o Proxecto, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

**5º.- Concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal. APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE HAN DE REXER NA CONCESION DEMANIAL SOBRE CHAN MUNICIPAL POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DUNHA RESIDENCIA DE 3ª IDADE E CENTRO DE DÍA EN SILLEDA E CONVOCATORIA DA LICITACION.**

**INTERVENCIONS:**

**Alcalde:** expón con carácter previo os elementos básicos de este Prego, número de prazas, parcela, Presuposto aprobado, melloras para os silledenses, postos de traballo que se crearán, as esixencias municipais en canto os prezos e demais condicións que figuran no Prego e que xa explicou con mais detalle na Comisión, lembrando que se trata dun grande obxectivo deste concello, conseguir unha Residencia para a 3ª Idade.

**PP** (Ignacio Maril): Sinala que hai unha modificación importante sobre o Proxecto inicial que era de natureza exclusivamente pública e comenta que non acaba de entender este cambio, a pesares das explicacións do Alcalde e lamenta que fai falta un maior control por parte municipal, o que bota de menos na proposta; igualmente que antes era Centro de Día + Residencia e agora alterouse ese planteamento. Cuestiona que incluso podería haber problemas xurídicos. Tampouco ven claro nin o número de prazas nin moito menos as tarifas. Avoga porque se recolla a posibilidade de incremento do número de prazas. Non se xustificou dabondo a posibilidade de financiación co Consorcio. E pregunta que pasou entre o Alcalde e a Consellería. E sobre todo censura que na selección do contratista se está a primar claramente os criterios construtivos en lugar dos fins asistenciais. A esixencia, por ex., dun logopeda ou un centro de calidade asistencial para garantir a mesma son deficiencias ostensibles que se deberían corrixir.

**BNG:** o propio nome xa cambia o espírito do que se quería facer. Bastante nos custou convencer para primar ó Centro de Día. Reclama que exista un Centro de Día con capacidade asistencial, que era o primeiro proxecto e agora vemos que se cambia a 40 + 15. Xa somos contrarios. Do que se trata é de dar un servizo de calidade os veciños, e debe ser a prezos razoables, tendo en conta que o Consorcio cobra 1182 € prezo medio, por ex., cando un pensionista ten unha renda media de 900 €. A dependencia é igual que a educación, sanidade, ter auga, luz e comida. A Residencia é inalcanzable para a poboación galega. Se tiran os prezos, se precariza o servizo e ao persoal. Podíase incluír no Prego as empresa ou cooperativas con fins sociais. O concello funciona coma unha Asesoría. Deberíase subvencionar a quen non pode pagar a praza. Isto é un mercádeo. Unha residencia de pobres. Nunca podemos votar a favor. Hai expertos, debeuse facer unha comisión entre todos. Podía facerse unha empresa pública municipal, para ter un servizo de calidade. Só se usan criterios economicistas.

**Alcalde:** en canto ao voceiro do P.P. son os que mais deberían entender, xa que en todas as súas administracións usan esta fórmula. Ademais son os que nos privan de ter fondos públicos para facer esta obra. Sinala que o Consorcio pretendía aportar unha subvención de 500.000 € pero coa condición de que se asumirán as supostas débedas da Escola Infantil, unha auténtica tomadura de pelo, xa que as rexeitamos e iremos os Tribunais si fora preciso. Pero, con esa esixencia, pois a subvención xa non era tal. Iso sí lle dan 1.500.000 € a Cerdedo, por certo, 2.000 hbtes., concello que xa non existe. E habería que reflexionar sobre a xestión da Xunta neste terreo. Si a xestionara a Xunta o prezo sería de 700 e por praza e o concello pagaría 28.000 € mes. Todo un negocio. Non se prima a construción, en absoluto. As condicións están marcadas pola lei, polo que a intervención do PP é pura demagogia.

En canto o BNG: non cambiamos o Proxecto. Os espazos do C. de día poden ser usados polos residenciais. Tódalas prazas residenciais da zona está cubertas ao 100%. O C. de Día non. Un dato concluinte. Todos los expertos nos din que 15 prazas é suficiente. A maioría da xente maior vive soa e as familias prefiren telos con eles ata ultimo momento. Incluso fomos a un C. de Día de AFAPO en Pontevedra e nos dixeron que en Silleda nin sequera con 15 prazas se daría cuberto. Por riba, é ampliable, así que non se entende a súa postura. O seu Alcalde modelo –Pontevedra-

é o que menos gasta en dependencia de toda España. E Silleda é o oposto, dos que mais gasta en acción social. Vostede sempre propón unha comisión para todo, pero aquí a xente votou para que haxa un goberno, non para que preguntemos a oposición como se goberna.

Tras unhas interrupcións do voceiro do BNG o Alcalde lle advirte de aplicar o regulamento...

**PP** (Ignacio Maril): está recoñecendo que se prescinde da financiación da Xunta. O Prego ten moitos defectos. E sobre o Consorcio, se pregunta ¿quén tiña que convocar? Había dous representantes Alcalde e Consorcio. O Alcalde tiña a prerrogativa, é así de sinxelo. Cuestiona que vai pasar co Taller de Pedra que está traballando nos terreos. Pregunta que pasará si a empresa non cumpre cos 18 meses da construción. Os controis a adxudicataria deberían concretarse moito mais. Se visitara algunha residencia debería ver as condicións de algúns usuarios e a falta de control. En canto o Centro de Día o concello debería concienciar a poboación, explicar para que serve, o seu uso terapéutico. Nos parece mal traer este Proxecto hoxe, seguramente 2 ollos ven mais que un, sobre todo en servizos coma este.

**BNG**: non se ofenda pero confunde a capacidade de diálogo, para o Alcalde gobernar é mandar, cando hai cousas de calado coma esta... Por unha vez estou de acordo co PP.

**Alcalde**: o Concello si cumpriu con tódalas esixencias da Escola, con todas. Quen no o fixo foi o Consorcio que nin sequera convocou a C. Mixta, que lle corresponde xa que reclamaron cartos unilateralmente e antes tiña que pasar obrigatoriamente pola Comisión. Eles incumpriron non o Alcalde. E sobre as Residencias da Xunta pregunta si saben cantas teñen pendentes, o que si pasa, e que, en Cambados, por ex. está parada porque non lle resultan viables. Leccións de moralidade as xustas...

**VOTACIÓN**: se acorda, por maioría de 6 votos a favor (PSOE) e 5 en contra (PP e BNG),

**- APROBAR O PREGO DE CLAÚSULAS TECNICAS, XURIDICAS E ECONOMICO-ADMINISTRATIVAS QUE HAN DE REXER NA CONCESION DEMANIAL SOBRE CHAN MUNICIPAL POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A CONSTRUCIÓN E XESTIÓN DUNHA RESIDENCIA DE 3ª IDADE E CENTRO DE DÍA EN SILLEDA E CONVOCATORIA DA LICITACION.**

(Nota: se incorpora o Prego como Anexo a esta Acta)

----- ... -----

**6º.- Proposta da Alcaldía de irmandamento co concello francés de CANEJAN.**

**DEBATE:** O Alcalde desataca que esta iniciativa, a que hai que engadir outros concellos –xa está previsto cun portugués- ten, aparte do lado humano, institucional, un compoñente económico xa que si se reúnen, por ex., municipios de 4 países distintos aumentas as posibilidades de conseguir fondos europeos, de cuantía, ademais. Hai un montón de plans europeos aos que se pode recorrer con este sistema, polo que merece a pena impulsalo; de feito proxectos como o C. Desenvolvemento Agrario encaixarían nese escenario. Tamén é importante o que supón de intercambio cultural.

O voceiro do P.P. manifesta o seu acordo.

O voceiro do BNG considera que todo, ao final, se trata de “que nos dén pelas”, o que lle parece un tanto ridículo.

#### **PROPOSTA DA ALCALDIA**

##### ***Irmendamento co concello francés de Canèjan***

*O Concello de Silleda pretende irmandarse co Municipio de Canèjan (na rexión francesa de Aquitania) formalizando así unha unión europea entre as dúas zonas.*

*Esta intención vén dada pola vontade que presenta o Concello de Silleda de abrirse municipalmente ás posibilidades que os Proxectos Europeos ofrecen ás distintas Administracións (especialmente ás Administracións locais).*

*O irmandamento entre concellos supón unha unión duradeira de cara a fomentar o intercambio social e estreitar lazos entre a cidadanía en distintos sectores que afectan á vida cotiá da veciñanza: cultural, social, comercial... Trátase, pois, dun dobre compromiso: por un lado a das autoridades locais e, por outra banda, a dos cidadáns.*

*O firme propósito de irmandarse co concello francés de Canèjan vén dado polas similitudes que presentan con o municipio. Así, a súa situación atlántica fai que esta área francesa teña características agrarias, gastronómicas e sociais semellantes ás de Silleda. A súa promoción do asociacionismo, o deporte, a cultura, o emprendurismo (con máis de 280 empresas instaladas no seu solo municipal) e a súa disposición de concello de menos de 20.000 habitantes, fan que Canèjan sexa un municipio idóneo para levar a cabo un irmandamento con Silleda, de cara a loitar conxuntamente por obxetivos comúns.*

*Ademais de todas estas similitudes, Canèjan conta xa con experiencia nos irmandamentos (máis de 10 anos) o que supón un beneficio para nós a nivel administrativo e un excelente referente se Silleda se incorpora ás distintas convocatorias de axudas europeas, coma xa está acontecendo.*

*Silleda 18 Novembro 2016. O ALCALDE. Asdo. Manuel Cuiña Fernández*

**VOTACIÓN:** Vista a Proposta, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

**7º.- Modificación da Ordenanza do I.V.T.M. para a bonificación os vehículos catalogados como históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos.**

Dáse conta da proposta:

#### **PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.**

*Vista a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de vehículos de tracción mecánica aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 1 de decembro de 1995 e publicada no BOPP nº 25 do 5 de febreiro de 1996. Vista a modificación posterior introducida na Ordenanza indicada aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 25 de novembro de 1999, publicada no BOPP nº 1 do 3 de xaneiro de 2000, relativa a exención total do imposto para os vehículos cunha antigüidade maior aos 25 anos. Tendo en conta a modificación posterior realizada mediante o acordo acadado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de outubro de 2003, publicado mediante anuncio no BOPP nº 221 do 14 de novembro de 2013 na que se establece o procedemento para a solicitude por parte do suxeito pasivo para a concesión da exención dos vehículos cunha antigüidade maior de 25 anos.*

*Visto que existe contemplada na Ordenanza Fiscal unha bonificación dos vehículos denominados históricos, cunha antigüidade de máis de 25 anos, na que se especifica que os suxeitos pasivos deberán solicitar expresamente ante o ORAL a súa concesión mediante a aprotación da documentación acreditativa do feito obxeto da exención; e tendo en conta que a declaración de oficio por parte da Administración da exención aos vehículos que cumpran os requisitos esixidos aforraría unha serie de trámites aos contribuíntes e a Administración, propoño a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica no relativo a exención por antigüidade de máis de 25 anos para que a declaración da exención se realice de oficio, mediante a modificación do artigo terceiro da Ordenanza vixente, quedando a súa redacción do seguinte xeito:*

*Artigo terceiro:*

*Establécese unha bonificación do 100 por cen para os vehículos catalogados como históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se ésta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Se existirán dúbidas sobre a data de fabricación, ésta deberase acreditar con certificado expedido pola firma fabricante. A bonificación será declarada de oficio pola Administración tributaria competente conforme coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto a antigüidade do vehículo*



**VOTACIÓN:** Vista a Proposta, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

**8º.- Expediente de modificación de créditos do Orzamento do 2016.**

O Interventor fai unha explicación detallada da proposta, subdividida en tres modificacións:

1)

**PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.**

*Como consecuencia dos maiores gastos realizados con motivo da concesión de varias subvencions por parte de distintos organismos públicos para a realización de diversos proxectos financiados en parte polo organismo correspondente é en parte con fondos propios do Concello e que non figuraban nas aportacións iniciais do Orzamento Xeral para o exercicio 2016, así como a insuficiencia de crédito en distintos conceptos orzamentarios para atender as obrigas derivadas, tendo en conta que se realizaron as modificacións de crédito correspondentes para a dotación das partidas afectadas.*

*Visto que no Orzamento Xeral do Concello de Silleda para o exercicio 2016 figuran varios conceptos orzamentarios con consignación suficiente para dotar os créditos necesarios para atender ditas obrigas, e tendo en conta que dita modificación cumpre coas limitacións sinaladas no artigo 179 e 180 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nos artigos 40 e 41 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.*

**RESOLVO:**

*Dar traslado da presente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe en relación coa posibilidade de levar a cabo a oportuna transferencia de créditos no Orzamento Municipal nas partidas que se indican a continuación:*

<i>Partida Orzamentaria</i>	<i>Partida A MINORAR</i>	<i>Disminución</i>
231.622	<i>Edificio Residencia 3ª idade</i>	157.979,64 €
<i>Partida Orzamentaria</i>	<i>Partida a INCREMENTAR</i>	<i>Aumento</i>
151.210	<i>Reparación, mantemento e conservación de vías públicas.</i>	29.979,64 €

1623.22799	Tratamento de Residuos Sólidos Urbáns	35.000,00 €
165.219	Reparación, mantemento e conservación do alumado público	35.000,00 €
172.22799	Outros traballos realizados por empresas. Desbroces.	8.000,00 €
334.22609	Actividades Culturais	50.000,00 €

2)

...

### PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.

Como consecuencia dos maiores gastos realizados no concepto orzamentario 011.913 denominado amortizacións de préstamos, que inicialmente figuraba cunha consignación de 224.445,70 €, e que en principio contiña o crédito necesario para atender as amortizacións das operacións de crédito vixentes a o longo do exercicio 2016 resulta insuficiente en base a un cálculo erróneo realizado no préstamo do BBVA nº 46838614 destiñado ao pago a provedores regulado polo RD 4/2012. O departamento da entidade enviou un cadro de amortización do préstamo en cuestión erróneo, detectado o defecto solicítase un novo cadro correxido arroxando unha diferenza co cálculo realizado inicialmente de 57.838,57 €. Propónse unha transferencia de crédito por un importe de 58.000,00 €

Visto que no Orzamento Xeral do Concello de Silleda para o exercicio 2016 figuran varios conceptos orzamentarios con consignación suficiente para dotar os créditos necesarios para atender ditas obrigas, e tendo en conta que dita modificación cumpre coas limitacións sinaladas no artigo 179 e 180 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nos artigos 40 e 41 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primerio do título sexto da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

**RESOLVO:**

Dar traslado da presente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe en relación coa posibilidade de levar a cabo a oportuna transferencia de créditos no Orzamento Municipal nas partidas que se indican a continuación:

Partida Orzamentaria	Partida A MINORAR	Disminución
931.500	Fondo de Continxencia	58.000,00 €
Partida Orzamentaria	Partida a INCREMENTAR	Aumento

011.913	Amortizacións de préstamos	58.000,00 €
---------	----------------------------	-------------

3)

**PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.**

*Como consecuencia dos maiores gastos realizados con motivo da concesión de varias subvencións por parte de distintos organismos públicos para a redacción diversos proxectos para a realización de obras financiadas en parte polo organismo correspondente é en parte con fondos propios do Concello e que non figuraban nas aportacións iniciais do Orzamento Xeral para o exercicio 2016, así como a insuficiencia de crédito en distintos conceptos orzamentarios para atender as obrigas derivadas.*

*Visto que no Orzamento Xeral do Concello de Silleda para o exercicio 2016 figuran varios conceptos orzamentarios con consignación suficiente para dotar os créditos necesarios para atender ditas obrigas, e tendo en conta que dita modificación cumpre coas limitacións sinaladas no artigo 179 e 180 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nos artigos 40 e 41 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.*

**RESOLVO:**

*Dar traslado da presente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe en relación coa posibilidade de levar a cabo a oportuna transferencia de créditos no Orzamento Municipal nas partidas que se indican a continuación:*

<b>Partida Orzamentaria</b>	<b>Partida A MINORAR</b>	<b>Disminución</b>
161.619	Obras de abastecemento de augas	85.144,75 €
<b>Partida Orzamentaria</b>	<b>Partida a INCREMENTAR</b>	<b>Aumento</b>
920.22604	Gastos Xurídicos. Pagos Setenzas	10.000,00 €
920.22706	Estudios e traballos técnicos. Proxectos	35.000,00 €
920.22709	Traballos realizados por outras empresas. Soporte informático	8.000,00 €
932.22708	Taxa recadación Oral	25.000,00 €
920.831	Anticipos do Persoal	7.144,75 €

**VOTACIÓN:** Vista a Proposta, se aproban os tres expedientes por unanimidade.

----- ... -----

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

## 9º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

### 9.1 .- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (25/11/2016).

*De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A violencia contra ás mulleres ten as súas raíces profundas nunha sociedade desigual e discriminatoria, na que ás mulleres se lles outorga o papel pasivo e aos homes un papel activo e dominador. Neste momento, en España, a morte de cada muller a mans da súa actual parella ou ex parella é un sinal de alarma social que avisa de maneira intermitente de que hai que seguir reforzando e mellorando a resposta fronte á violencia machista. Para iso, hai que abundar nas campañas de sensibilización da cidadanía e dedicar máis recursos e esforzos á política de prevención co obxectivo de chegar a erradicar unha das secuelas e vergoñas da nosa sociedade: a violencia de xénero.*

*Pasaron 12 anos desde que o Goberno Socialista de Rodríguez Zapatero aprobase a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que supuxo un revulsivo fronte á violencia de xénero, impulsando a súa primeira lei, a Lei Orgánica 1/2004, cun fundamento transversal de loita contra a mesma e que foi apoiada por un amplo acordo de todos os partidos políticos. Sen embargo, os datos a día de hoxe son preocupantes. O Goberno do Partido Popular reduciu drasticamente a partida orzamentaria destinada á violencia, apenas alcanza o 0,0103%, o que significa un 10,92% menos en 2016 respecto de 2009. Pero, ademais, a coordinación institucional non está ben articulada o que nos leva a afirmar que, a día de hoxe, fallou a resposta do Goberno Popular contra a violencia de xénero.*

*En efecto, segundo datos oficiais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, desde xaneiro de 2003 a outubro de 2016, máis de 800 mulleres morreron en España por violencia de xénero. O Observatorio contra a Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado dan, ademais, a voz de alarma polo reducido número de denuncias presentadas. O 75% das vítimas, non presentaron denuncia ante o número tan elevado de mulleres que son vítimas da violencia de xénero. Son 33.593 mulleres, un 8,8% máis que no segundo trimestre do 2015.*

Os doce anos de andadura da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero serviron, con todo, para desmontar totalmente algún prexuízo dos detractores desta realidade, como as chamadas “denuncias falsas”. A última Memoria da Fiscalía Xeral do Estado despexa calquera dúbida respecto diso, afirmando que “A escasa porcentaxe de causas incoadas cada ano por delito de acusación ou denuncia falsa, supón un 0.0015%, é suficientemente elocuente para rebater as voces que se alzan ao redor da prevalencia das “denuncias falsas” en materia de violencia sobre a muller”. E o balance da aplicación das medidas xa desenvolvidas desta lei integral, demostra a necesidade de manter un amplo consenso social e político, e de culminar o seu desenvolvemento.

A Lei de Reforma Local, non acordada cos partidos da oposición e imposta polo Goberno do PP, cualificou como impropias as competencias que os Concellos e as Entidades Locais viñan exercendo en Igualdade e Violencia de Xénero, afastando desta maneira os servizos públicos da atención das mulleres e suprimindo o labor de detección, denuncia e apoio específico, que realizaban os servizos sociais municipais.

Por último, tal como recomendaron tanto a CEDAW como o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, estamos convencidos de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que estean recollidas nela todas as manifestacións da devandita violencia e non exclusivamente, como ocorre neste momento, as que se producen en relacións de parella.

Por todo iso, e porque a tolerancia cero coa violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto e, para poder ser eficaz, levarse a cabo tamén desde a administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte MOCIÓN, para a súa consideración e aprobación polo Pleno e a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Impulsar desde o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, e a detección e apoio ás vítimas e os seus fillos e fillas menores.
2. Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.
3. Reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, con dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
4. Declararnos municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este concello garantirá unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, e para os seus fillos e as súas fillas.

Este Concello esixe ao Goberno do estado que:

- Repoñer e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á

prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

- *Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*
- *Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.*
- *Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.*
- *Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da violencia de Xénero.*
- *Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.*
- *Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.*
- *Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicossociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.*
- *Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.*

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

## **9.2 .- MOCIÓN PARA DEMANDAR O RESCATE E A TRANSFERENCIA DA AP-53 E A**

## **SUPRESIÓN DA PEAXE.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A xestión da AP-53 de Santiago ao Alto de Santo Domingo en Dozón supuxo desde a súa apertura en 2002 un agravio para os usuarios polo seu alto custo a respecto doutras autoestradas de titularidade estatal. Desde o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO sempre mantivemos unha postura de denuncia coas altas peaxes e a falta de vontade do Goberno do estado para transferirla á Xunta de Galiza, por considerala unha vía de comunicación fundamental para vertebrar o interior do país o carácter especulativo da súa concesión, xa que o capital da adimistradora pertence a fondos voitres canedenses, holandeses e británicos, polo que non se garante en absoluto a condición de servizo público que ten que ter unha vía desta índole.*

*Ultimamente fomos testemuñas dunha suba do prezo da peaxe dun 70%, que xa acada os 5,95 euros no seu tramo máis extenso, de Lalín a Compostela para unha autoestrada que precisamente polo seu alto custo non desenvolve as potencialidades que debería. Datos publicados recentemente nos medios reflicten que o tramo Lalín-Silleda é utilizado por 4.460 vehículos ao día, mentres que a vía alternativa, a N-525, obsoleta e sen os investimentos necesarios como a terceira faixa de circulación entre Lalín e Ponte-Ulla, conta cunha carga de máis do dobre de vehículos por xornada (9.500). O que significa a todas luces que a autoestrada está infrautilizada porlo seu alto custo, o que redundo directamente na masificación da estrada estatal.*

*Amáis disto, a AP-53 segue a manter tres eivas básicas que se manteñen a pesar de termos asistidos a numerosas promesas electorais para solventalas, e mesmo certos investimentos públicos realizados pola Xunta de Galiza, cando a institución galega non ten competencias sobre a autoestrada. Falamos do enlace de A Bandeira, aínda con entrada e saída desde unha pista da concentración parcelaria atravesando un núcleo rural, o perigoso enlace de A Estrada coa N-640 e o acceso de Dozón entre a AP-53 e a AG-53.*

*Desde o BNG decide entón iniciar unha campaña a nivel político, institucional e social para reivindicar as demandas anteditas, que si son atendidas noutras comunidades como Madrid (rescate das autoestradas radiais) e non en Galiza.*

*Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**1. Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado o rescate e transferencia da AP-53 para os usuarios e usuarias da autoestrada.**

**2. A liberalización e supresión da peaxe da AP-53 en todos os seus tramos de Santiago de Compostela a Lalín.**

Silleda, 15 de novembro de 2016 Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

### 9.3 .- MOCIÓN DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

#### ACORDO

- a) Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.





- b) A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.
- c) Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

Silleda, 16 de novembro de 2016 Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

#### **9.4 .- MOCIÓN PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza.*

*Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.*

*O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.*

*En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, nos últimos anos incrementáronse.*

*Esta situación faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.*

*Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.*

*Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as condicións climatolóxicas adversas do inverno, fan especialmente necesario que o goberno central e a Xunta de Galiza adopten medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.*

*O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como "pool" eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como "beneficios chovidos do ceo", sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corraxir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.*

*Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:*

- d) *Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.*

- e) Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxatativa de corte de suministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.
- f) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Silleda, 21 de novembro 2016. Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

#### **9.5 .- MOCIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO HORARIO DO REXITRO XERAL DO CONCELLO:**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Debido á entrada en vigor da Lei do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na que se establece que desde o 2 de outubro os sábados serán días inhábiles desde o punto de vista do cómputo de prazos administrativos.*

*A nova Lei do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (<https://boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10565.pdf>) vén reordenar as relacións administración-cidadanía e tamén as relacións entre as propias administracións coas miras postas en simplificarlle á xente trámites e procedementos. Este novo marco legal presenta como principal novidade a aposta pola vía electrónica na tramitación de todo tipo de procedementos e a definición máis precisa de aspectos como o dos prazos de presentación de documentos, os de resolución de expedientes ou o do sentido do silencio administrativo.*

*No asunto dos prazos a lei indica que agora se contarán sempre en días hábiles -antes eran naturais a menos que se especificase o de "hábil"- entendendo como tales as xornadas de luns a venres e non a do sábado. Deste xeito, en termos xerais, para calquera convocatoria que se abra a partir do día 2 de outubro e que non indique expresamente "días naturais" haberá que contar deixando fóra sábados, domingos e festivos (no ámbito xeográfico ao que lle afecte o procedemento).*

*Esta circunstancia reordenar os horarios de atención no servizo. Deste xeito o rexistro pechará na fin de semana e abrirá ao público unha hora máis pola semana:*

*Modernización administrativa*

*A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das*

*Administracións públicas centra boa parte do seu articulado no impulso definitivo da administración electrónica. O obxectivo que persegue é o de que todos os trámites cos concellos e outras institucións públicas se poidan facer desde a casa e que exista unha interoperabilidade entre as administracións para que o usuario ou usuaria non teña que andar achegando documentos e certificacións que xa están en poder desas administracións. A idea é que a dixitalización axude a axilizar os procedementos reducindo papeleos e tamén papeis, que seguirán sendo un medio válido para relacionarse cos organismos públicos (a lei dí que queda a elección das persoas físicas pero que será obrigatorio para persoas xurídicas, entidades e empregados públicos no desempeño do seu traballo).*

*Porén, o cambio que promove a lei esixe que os municipios emprendan dunha vez por todas o farragoso proceso de catalogar todos os procedementos administrativos, normalizalos documentalmente, nomear responsables da súa tramitación, e, en último caso, habilitar versións electrónicas coas que a cidadanía, empresas e institucións poidan interactuar e intercambiar información.*

*Con todo, a lei que entrou en vigor establece que todos os aspectos relativos ao rexistro electrónico -e o correspondente rexistro de persoal público habilitado para manexar esta información-, ao punto de acceso xeral electrónico da Administración e o arquivo único electrónico -onde se gardarán todos os nosos expedientes- deberán estar operativos en outubro de 2018*

*Por todos é coñecido que non todo o mundo ten acceso á rede e nin tan sequera o Concello de Silleda ten actualmente capacidade para levar a cabo a administración electrónica integral. Polo que ao entender do BNG AA de Silleda esta medida provoca un claro prexuízo para os cidadáns e usuarios. Deste xeito cremos preciso que a administración local amplíe os horarios como posibilidade alternativa que favoreza directamente os usuarios que teñan unha xornada laboral incompatible coa do Concello (De 9 a 14 h).*

*Por estes motivos, o grupo municipal do BNG AA solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

**1. A ampliación dos horarios do Concello e o seu rexistro municipal e portelo único do seguinte xeito: de luns a venres, tentando incrementar unha hora máis para o rexistro -xa que o horario laboral real é de 8 a 15 h-, e a abertura, cando menos unha xornada de tarde, para facilitar a tramitación de documentación no antedito rexistro nun horario que dea maiores facilidades e axeite o funcionamento deste servizo ás necesidades reais da cidadanía.**

*Silleda, 23 de novembro de 2016 Asdo./ Matías Rodríguez da Torre*

**Alcalde:** nós , sen estar en contra, entendemos que un cambio de horario laboral se debería falar primeiro co Comité de Empresa, e analizar os pros e contras, ou se podería levar a outro Pleno. Propón que se retire senón terían que votar en contra por ese motivo, non polo desacordo, ou que se deixe para outro Pleno.

**BNG:** sostén que con esta Moción pensamos nos cidadáns de Silleda, non nos traballadores.

**PP:** está de acordo ca moción.

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se rexeita con 6 votos en contra do PSOE e 5 a favor do BNG e PP (4 + 1).

----- ... -----

### 9.6.- Moción “*in voce*” do PP.

O voceiro do P.P. plánteo que se faga un acto de recoñecemento público a Perfecto Pereiro, que ten méritos suficientes para darllo, trouxo a luz ao pobo, era un recoñecido empresario e tiña unha gran visión de futuro. Así, propoñemos:

- Que se poña o seu nome nun espazo público.
- Reunión de grupos políticos e colectivos sociais para fixar a conmemoración.
- Módulo Comercio no IES para que coñezan esa figura.

Isto se fai aproveitando que o seu neto ven de publicar un libro, e porque é unha débeda que temos con el.

**BNG:** paréceme ben. No 2008 creouse unha comisión para o rueiro. O PP non participou e daquela propúxose o nome da rúa para Progreso para este home, e considerouse que non e logo non se propuxeron outras alternativas para el. É preciso ter memoria.

**Alcalde:** xa dixen o día do libro que estamos de acordo co homenaxe e que se creará unha comisión cos grupos e colectivos, para entre todos decidir que clase de actos se fan.

**VOTACIÓN:** Vista a Moción, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

### 9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Dáse conta.

----- ... -----

### 10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

**Voceiro do PP:** roga/pregunta sobre:

- Prega a instalación dun punto de luz en Casela nº 5.

- Sobre o estado das xestións con Espina.
- Lembra a existencia de varias pistas sen desbrozar.
- Pregunta sobre o PAC da Deputación que sempre aportaba fondos para as entidades cidadás, e semella que ya non existe, que se suprimiu.
- Pregunta por unha serie de facturas: Abel Rey Silva, Ramón Rey Miguez, Pablo Fdez., J. Manuel Rdguez Fdez., Deza espectáculos e Bandas de Música
- Estrada Piñeiro a Cira. ¿En que punto están as conversas?

#### **Voceiro do BNG:**

- Refire unha queixa dos traballadores/as da limpeza sobre o trato con elas, con mensaxes machistas, despectivos, e cambios de horario.
- ¿Alta no transporte metropolitano?
- Lembra a existencia de 3 farolas apagadas nas cercarías do C. de Fútbol de Silleda. No acceso a piscina, zona deportiva.
- Na Rúa Pontevedra se necesitan mais farolas. Só hai dúas
- A Rúa Castrelo está convertida nunca auténtica selva detrás do aparcamento municipal.
- O acceso a capela de S. Marcos están feitas “un cristo” e hai queixas veciñais.
- Retirar cartel na 1ª pista que vai a Pazos.
- ¿Convenio co Club de Fútbol da Gandareira?
- Sobre os Ornamentos do 2017, lembra a necesidade de investimento en saneamento.
- Normalización lingüística, esixir aos provedores que se expresen en galego.
- Insiste en que se faga un pleno monográfico sobre o estado do concello.
- Na pista de Padel o firme está en mal estado.
- Restitución da Memoria Histórica Democrática. Se non se encarga o fago eu. Xa existe un compromiso plenario. E aquí houbo un Alcalde asasinado. Teño varios ideas. Podo coordinar, si fai falta.

#### **Alcalde:**

- Se colocará o punto de luz.
- Precisamente se acaba de ter unha reunión con ESPINA para a sinatura nun documento de peche do acordo e, mais en concreto, da subrogación dos traballadores.
- Pedimos reiteradamente a Deputación que se limpe.
- O ano pasado si que houbo o PAM e colaboramos. Este ano non o sei.
- A pista de Cira está en conversacións coa Deputación. Hai que facer unha obra menor.
- Os comentarios dos traballadores da limpeza, enfin..., son cuestións delicadas. Non nos consta nada. Hai un Comité de Empresa que sería onde se deberían canalizar este tipo de cuestións.
- A alta no transporte metropolitano se está tramitando. Está todo feito.
- Sobre os farois, miraremos...
- Sobre os farois da R/Pontevedra tamén.
- Sobre a R/Castelo trátase dunha propiedade privada.
- Sobre o acceso a pista S. Marcos tomamos nota.



- Sobre as sinales duplicadas, deixouse un cartel que pon Pazos para non ter 2 duplicados que poñen fervenza.
- O Convenio do C. de Fútbol está previsto que se asine antes do 31 Decembro.
- Sobre debate do estado do municipio, buscaremos unha data para ese Pleno.
- Sobre os Orzamentos contamos con que se aproben en Xaneiro.
- Sobre a Pista de Padel o seguinte será cambiar o tapete.
- Sobre a restitución da Memoria Histórica estamos a favor da idea.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

#### ANEXO:

**PREGO DE CLAÚSULAS TÉCNICAS, JURÍDICAS E ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE HAN DE REXER NA CONCESIÓN DEMANIAL SOBRE CHAN MUNICIPAL POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DUNHA RESIDENCIA DE 3ª IDADE E CENTRO DE DÍA EN SILLEDAS.**

#### I. OBXECTO

É obxecto deste Prego e procedemento rexer a concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal sita nos terreos da Fundación Semana Verde que se describirá e coa finalidade da construción dunha Residencia para a 3ª Idade e Centro de Día de 40 e 15 prazas, ampliables a 60, coa posterior xestión de ambos os servizos durante o prazo fixado nestas Bases, de 75 anos.

A concesión non implica cesión do dominio público nin das facultades demaniais e outórgase de acordo co disposto na Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e art 78 e sgtes. do Regulamento de Bens. O réxime dos prezos será libre, a fixar polo concesionario, sen prexuízo das bonificacións ou acordos específicos que existiren, como algún dos previstos neste Prego.

A natureza da relación xurídica que vinculará ao adxudicatario co Concello será a de concesión administrativa do uso privativo da parcela municipal pola súa condición de ben de dominio público. Trátase dunha concesión demanial sobre bens de dominio público, que non implica cesión do dominio, constituída conforme ao establecido nos arts. 78 e seguintes do regulamento de Bens das Corporacións Locais.

#### II. MOTIVACION

Motiva esta actuación o designio municipal de dar resposta, no ámbito das súas competencias e disponibilidades, a unha sentida necesidade veciñal a favor das persoas de idade. Serve de base o feito específico dun Concello con 33 parroquias no

que, co envellecemento da poboación, detéctase unha necesidade de atender aqueles casos de persoas maiores que non teñen familia que lles acolla por circunstancias diversas, algo que se constata simplemente no contacto persoal e o coñecemento da veciñanza.

Aínda non tratándose dun servizo municipal, o propósito a que a convocatoria responde resulta acorde co destino social previsto no plan para a parcela, atendendo un dos fins previstos no art. 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sempre baixo o principio de absoluto respecto á normativa autonómica e estatal.

A este carácter finalista responde a concesión e o mesmo servirá de criterio prioritario de interpretación de cantas actuacións e eventuais incidencias derivaren da mesma.

### III. DETERMINACIÓNS

Para os efectos da concesión a que o presente Prego responde entenderase por:

Instalación, Proxecto e custo: o conxunto íntegro a edificar de nova planta sobre a parcela municipal destinado a Residencia de maiores con función tamén de Centro de Día, dotado de todos os servizos e acabados propios do mesmo. O custo estimado da instalación, segundo proxecto xa elaborado polo Arquitecto Martín/ David Pereiras Corzón ascende a:

Execución material: 1.213.209,59  
Gastos Xerais/Beneficio: 1.443.719,41  
IVE: 303.181,41

**Total execución por contrata: 1.746.900,49 €**

Hase de considerar este Proxecto como base e orientativo, correspondendo ao licitador a súa ampliación ata o número de prazas proxectadas de 40 e 15, que deberá constar na Memoria que se cita.

Equipamento: a totalidade de elementos e utillaxe requiridos tanto para a funcionalidade da instalación como específicos do seu destino.

Residencia de maiores: a instalación adecuada para albergar con carácter de residencia estable a persoas de idade dotada de habitacións e adecuados servizos propios dunha instalación desta natureza, incluído un tanatorio.

Centro de día: dependencia ou dependencias, comúns ou comunicadas coa instalación, que permitan o acceso dos usuarios a todos os servizos daquela excepto o residencial e aqueloutros propios da privacidade dos residentes.

Proxecto: Na Xunta de Goberno Local de 01-12-2015 acordouse:

- *ADXUDICAR ou contrato para a confección do proxecto da obra "RESIDENCIA 3ª IDADE- CENTRO DE DIA" ao Arquitecto Martín e David Pereiras Corzón, DNI nº*



53.305.011-G, por importe de 38.849,20 €, IVE á parte, con cargo a partida 231.622 "Edificio 3ª Idade-Centro de Día" dous Orzamentos do 2015, excluíndose desta adxudicación vos honorarios de dirección de obra.

O Concello, en definitiva, iniciou os pasos para dotarse deste equipamento, xa sexa cunha ou outra fórmula de xestión.

#### IV. PARCELA. Titularidade, descrición

##### 1. Localización. Condición xurídica, inscrición e catastro

Dita parcela, adquirida mediante contrato de compensación-liquidación de débedas coa Fundación Semana Verde de Galicia, ten a condición xurídica de ben municipal de dominio público e así figura inventariada e catastrada:

##### C.- Finca Nº 3

- **Finca** sita no Recinto ferial de Silleda, cunha superfuicie de 8.251,40 m2, propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos que seguen:

Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA  
Cualificación Urbanística: Suelo urbano. Servicios comunitarios

Superficie total: 8.251,40 m2. Edificabilidade máxima: 40 %. Ordenación Aberta.  
Valor suelo: 30,00 €/m2

**TOTAL: 247.542 €.**

- *A valoración pericial foi efectuada a petición do Concello polo Arquitecto Abraham Castro Neira, Col. 4401, en data 20 de Novembro de 2014.*

*Los demás datos identificadores constan en el Proyecto de Obras citado, al que nos remitimos, así como a las demás características.*

**Adquisición.** A parcela foi adquirida mediante contrato de compensación-liquidación de débedas coa Fundación Semana Verde de Galicia asinado o 18 de Diciembre de 2014 –ao que nos remitimos aos efectos legais procedentes–, está cualificada como urbana de uso comunitario, co destino fixado a nivel municipal de "Futuro Centro de Día". Se transcribe parcialmente a parte adicada a dito terreo:

(...)

**CONTRATO DE LIQUIDACION E COMPENSACION DE DEBEDAS, MEDIANTE A TRANSMISION FINAL DE INMOBLES PROPIEDAD DA FUNDACIÓN AO CONCELLO PARA LIQUIDAR AS MESMAS, con arrego as seguintes:**

#### CLAUSULAS

**QUINTA.- TRANSMISIÓN DE TRES INMOBLES.** O Concello de SILLEDA adquire a titularidade dos 3 inmobles que se citan de seguido, libre de cargas e gravames, dos que se deberá entregar a posesión en data 31 de Decembro de 2014, e que se describen:

**C.- Finca Nº 3**

- **Finca sita no recinto ferial de Silleda, cunha superficie de 8.251,40 m2, propiedade da FUNDACION SEMANA VERDE, e cos datos identificativos:**

Referencia Catastral: 36052G513054430000RP  
 Parcela 5443. Polígono 513. Lugar de Rosende. Parroquia de Ponte. SILLEDA  
 Cualificación Urbanística: Solo urbano. Servizos comunitarios  
 Superficie total: 8.251,40 m2. Edificabilidade máxima: 40 %. Ordenación Aberta.

**SEXTA.- Prezo e Pago.** O prezo que aboará o Concello de SILLEDA pola adquisición dos 3 inmobles ascende a cantidade total de **UN MILLON TRES MIL NOVECENTOS VITEUN CON SESENTA E DOUS CENTIMOS DE EUROS (1.003.921,62 €)**, coa taxación individualizada que se recolle a continuación:

<b>TERREOS denominados "CENTRO DE DIA"</b>	<b>247.542,0</b>
<i>Finca sita no Recinto ferial de Silleda, cunha superficie de 8.251,40 m2 (Addicada a construción dun Centro de Día)</i>	€
<b>VALORACION TOTAL/SUMA DOS 3 INMOBLES</b>	<b><u>1.003.921,62 €</u></b>

As dúas partes conveñen que ese prezo se aboará cos impostos municipais pendentes de pago pola FUNDACION por un valor total de **1.008.432,90 €**, e como resultado da anterior operación – 1.008.432,90 de impostos – 1.003.921,62 valor inmobles = + 4.511,28- resulta un saldo acreedor a favor do Concello de + 4.511,28 €.

O pago do prezo realizase neste acto, do que se outorga a máis eficaz carta de pago.

O Concello de Silleda notificará este acordo a Recadación Executiva (ORAL) aos efectos legais procedentes de cancelación da débeda vencida, líquida e exixible que mantíña a FUNDACION co municipio, e coa correspondente cancelación do Aval depositado en garantía da mesma.

E estando de acordo ambas partes contratantes, asinan o presente documento, en triplicado exemplar, en presenza do Secretario Municipal, que da fe do acto, como feudatario público.

En SILLEDA a dezoito (18) de Decembro do ano dous mil catorce (2.014), na Casa Consistorial.

O Sr. Alcalde,  
 Asdo. Manuel Cuiña Fernandez

O Sr. Director Xeral da FUNDACION  
 SEMANA VERDE DE GALICIA  
 Asdo. Asdo. Ricardo Jose Durán Rodriguez

O Secretario,  
 Asdo. Manuel Quintans Queiruga.

(...)

### Calificación urbanística:

*“Segun el “Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981”, con la introducción de posteriores modificaciones se entiende que el uso de suelo a respetar por el presente proyecto sería: **SANITARIO-ASISTENCIAL.**”*

*En las modificaciones introducidas en el año 1991 y 2012 respecto de los usos, se señala admitido el grado 3o.*

*Según el Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981 señala:*

*Grado 3º.- Sanatorios menores.- Sanatorios para enfermedades no infecto-contagiosas con capacidad inferior a 100 camas.*

*El Arquitecto que suscribe entiende el presente grado admitido en este suelo como de los más restrictivos posibles para este tipo de núcleos poblacionales, siendo el uso pretendido el de Centro de Día Residencial y contando el mismo con una capacidad asistencial mucho menor a las 100 camas que estipula la normativa; de igual forma, las patologías tratadas en este tipo de centros tales como Demencias, Alzheimer, y demás neuropatologías degenerativas no son de carácter infeccioso, por tanto el grado asistencial para este tipo de centro se entiende como de menor exigencia al establecido en planeamiento.”*

*Firmado: Arquitecto Martín/ David Pereiras Corzón*

## V. DESTINO

### 1. Carácter finalista

A parcela cuxa concesión rexe o presente Prego ha de destinarse de xeito finalista á construción e equipamento, a expensas do concesionario e ao seu risco e ventura, da instalación de Residencia para a 3ª Idade e Centro de Día.

### 2. Facultades

A concesión faculta ao concesionario a levar a cabo a instalación con suxeición ás determinacións do presente Prego e disposicións de xeral aplicación, para a súa posterior xestión.

### 3. Requirimentos

A instalación tal e como queda determinada neste Prego ha de satisfacer, como limiar, os seguintes requirimentos:

#### A. Construción

a) “**Residencia de maiores**” capaz de albergar entre **40 e 60 residentes** con todos os servizos requiridos a tal fin. Os acabados exteriores deberán ser acordes coa contorna. Deberá cumprir con todas as esixencias e recomendacións da normativa estatal, propia da parcela e específica da Comunidade de Galicia.

b) “**Centro de día**” con capacidade mínima de **15 prazas** e adaptarse ás condicións antes referenciado. O espazo destinado a Centro de Día poderá proxectarse de maneira integrada coa Residencia de maiores, podendo compartir servizos comúns coa mesma. Deberá cumprir con todas as esixencias e recomendacións da normativa estatal e específica do CC. AA. de Galicia.

A instalación, en todas as súas dependencias, disporá dos servizos de hixiene e saneamento, calefacción e acondicionamento de aire, abastecemento de auga fría e quente, subministración de enerxía eléctrica, telefonía e comunicacións. Disporá, así mesmo, dos elementos técnico-sanitarios e aparellos elevadores condignos co seu destino.

#### B. Equipamento: estándares.

O equipamento das distintas dependencias da instalación (habitacións e servizos de hixiene e saneamento, elevadores, sistemas de calefacción e aireación, tanatorio,

dispensario sanitario e de enfermería, área de rehabilitación, cociña e despensa, servizo de comedor, almacén, lavandería e sala de secado, zonas comunitarias de entretemento e visita, xardín e demais, ademais do respectivo mobiliario, lencería e utillaxe) corresponderase cos requirimentos de concerto esixidos pola Comunidade de Galicia.

### C. Conformidade

Cumpridos os requisitos previos pertinentes, os proxectos de construción e de equipamento deberán contar coa conformidade do Concello. Será precisa esta tamén para o reformulo da obra e para a certificación final, facultándose aos servizos municipais para inspeccionar a execución.

## VI. CONDICIÓNS, PREZOS, PRAZO E CANON CONCESIONAL

### 1. Xustificación concesional

A concesión demanial a que o presente se refire está xustificada no seu destino. Conforme ao mesmo, a xestión da instalación axustarase ao máis adecuado tratamento, en todas as ordes, dos usuarios. Para ese efecto facilitarase en todo momento a inspección municipal e dos servizos administrativos competentes.

O concesionario executará todas as obras necesarias á súa conta e risco, sen excepción algunha, limitándose o Concello a entregar a parcela libre de cargas e gravames.

### 2. Observancia de autorizacións

O concesionario, ademais de adquirir pola mera participación o compromiso expreso de cumprir a finalidade que xustifica a concesión, deberá obter todas as autorizacións da Comunidade de Galicia relativas a construción equipamento e posterior xestión de Residencias da Terceira Idade e Centros de Día.

### 3. Preferencia e utilización

Da totalidade das habitacións da Residencia de maiores, disporanse 12 de con uso preferente para os veciños de Silleda. Do mesmo xeito, os veciños do municipio terán preferencia na lista de espera fronte a calquera outro potencial usuario da Residencia.

As prazas do Centro de día reservaranse aos veciños de SILLEDA preferentemente e en caso de vacantes poderán admitirse outros usuarios, sen que se aplique unha exclusión directa, e sempre respetando o principio de igualdade no acceso de tódolos cidadáns.

O Concello fixará a prioridade para formalizar o acceso ás prazas de carácter veciñal, que será notificada ao adxudicatario.

#### 4. Transporte

Non se esixe, en principio, aínda que os licitadores poderán ofertalo como mellora.

#### 5. Prezos

Na determinación de prezos dos servizos desagregaranse os factores constitutivos ao obxecto de permitir o seu control e revisión.

O prezo aplicable na Residencia de maiores aos veciños de SILLEDA en consonancia co preferencia antedita será como máximo o de 1000 (mil) euros por mes para a praza en habitación dobre, 1.300 (mil trescentos) euros por mes para a praza en habitación individual e 1.700 (mil setecentos) euros en habitación para asistidos, todo elo dentro do ámbito legal no que corresponde a empresa a fixación dos mesmos. Os prezos indicados poderán ser revisados desde o primeiro ano de funcionamento da Residencia de maiores segundo o Índice de Garantía de Competitividade (I.G.C.) ou índice que lle substitúa.

O prezo aplicable aos veciños de SILLEDA para a praza en Centro de Día será de 300 euros por mes ou o seu equivalente proporcional en días de asistencia. O prezo por comida para os silledenses será de 3,60 €. Os prezos expresados poderán ser revisado desde o primeiro ano de funcionamento do Centro de Maiores segundo o o Índice de Garantía de Competitividade (I.G.C.) ou índice que lle substitúa.

#### 6. Gastos

O concesionario asumirá o financiamento da totalidade das obras a executar sobre o terreos obxecto da concesión, incluídas infraestruturas e urbanización que foren precisas, sen que o Concello contraia obrigación algunha para este nin para futuros exercicios, coa excepción do custo do Proxecto e as obras de adecuación da parcela que executará o Taller de Emprego concedido pola Xunta.

#### 7 Mantemento e conservación

O concesionario haberá de levar a cabo aos seus expensas as operacións de mantemento da parcela obxecto de concesión, arboredo, axardinamento e o conxunto de servizos, así como conservar en permanente bo estado a instalación.

#### 8. Prazo

**O prazo da concesión demanial, incluídas a súa eventuais prórroga, é de 75 anos contados desde a posta en funcionamento da Residencia.**



Chegado o seu termo e de non haberse producido con anterioridade reversión ou rescate, si xustificáseno circunstancias sobrevindas de interese público, ou outro acto xurídico de efectos comparables, a parcela e a instalación no seu conxunto reverterá ao patrimonio municipal a cuxa disposición haberá de poñerse de inmediato e de forma pacífica e sen carga ou gravame algún.

Salvo cando o rescate estea baseado en motivo imputable a culpa ou dolo do concesionario, procederá o resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, de acordo coa normativa vixente.

#### 9 Canon

Como canon concesional anual, pagadoiro polo adxudicatario ao Concello establécese o de 1.000 euros, con carácter testemuñal en función do interese social incuestionable da actividade e do investimento a realizar, mellorable á alza, actualizable con arranxo ao IGC (substituto do IPC) estimado polo Instituto Nacional de Estatística.

Sobre o canon repercutirá o Imposto sobre o Valor Engadido na contía legalmente establecida na normativa reguladora do mesmo.

### VII. REGIMEN XURIDICO APLICABLE. Forma de selección do concesionario

1. A concesión rexerese canto á súa preparación, trámites licitatorios, adxudicación, perfeccionamento e formalización do contrato, dereitos e obrigacións do concesionario e Concello, cumprimento e extinción da concesión, polo presente Prego, que formará parte integrante do futuro contrato e supletoriamente polas disposicións seguintes: Lei 7/1985, do 3 de abril, de Reguladora das Bases de Réxime, RD Ley 3/2011, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), Regulamento Xeral de Contratos das administracións Públicas, RD 1098/2001, Regulamento de Bens das Corporacións Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, en consonancia coa Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

2. Previndo dita lexislación a licitación por concurso, a selección do concesionario realizarase conforme os criterios de publicidade, igualdade e transparencia que proclama a Lei 3/2011, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e de acordo co art. 93 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas que ten carácter básico e establece que o outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia.

### VIII. CAPACIDADE E SOLVENCIA TECNICA E ECONOMICA

1. Poderán presentar proposicións todas as persoas, naturais ou xurídicas, que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e non estean

comprendidos en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade que determina o art. 49 da citada Lei de Contratos do Sector Público.

2. A proba de capacidade xustificárase por calquera dos medios previstos na devandita Lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

